



## Materiais didácticos para a actividade

### *Equipo de traballo*

*Juan Carlos Ávila Ribadas*

*Román Cerqueiro Landín*

*Paco Díaz Rey*

### Doc. nº I: Módulo I

Creación dunha bitácora persoal / de aula

### Comunicar(se), aprender e expresarse na era dixital

Nunha sociedade en plena transformación na que a tecnoloxía dixital e as novas canles de comunicación invaden as máis variadas parcelas nas que transcorre a nosa vida cotiá, podemos ser máis ou menos escépticos, mesmo podemos rebelarnos e manter estoicamente espazos de autonomía ante este imparable proceso que muda usos e costumes.

Mais, como todo nesta vida, depende do uso que fagamos das TIC que estas nos sexan útiles e que nos faciliten –e simplifiquen- o día a día. Os malos usos que se fan delas dependen dos comportamentos humanos e das tecnoadiccións, que tampouco son tan graves, ou si? Pasaría algo se desactivasen Facebook?




<http://youtu.be/wUaVLIhxfCg>

Se convertemos estas cautelas ás omnipresentes TIC, totalmente comprensibles por outra banda, nunha ollada crítica e un manexo reflexivo e enriquecedor dos mil e un artefactos tecnolóxicos, redes e aplicacións de internet, atoparemos ferramentas que, ben inseridas na nosa práctica diaria, por exemplo nas aulas, poden propiciar mudanzas significativas na nosa maneira de traballar: cambios graduais, unha suma de

pequenos pasos tomados sen présas, contextualizados, programados. E se eses avances metodolóxicos conlevan melloras nos resultados, mellor que mellor, serán satisfactorios, para nós como docentes e para o noso alumnado. Non é iso o que procuramos e debemos facer?

Este cambio de paradigma foi posible grazas ao desenvolvemento tecnolóxico e á aparición dunha serie de ferramentas e servizos na rede que posibilitaron un novo modo para enfrontármonos á rede. Os internautas pasamos a ser creadores de contidos e recursos, non só meros observadores do que fan outros. É o que se coñece como Web 2.0, un concepto que xa nos pode parecer desfasado ante a velocidade vertixinosa deste proceso, pero que é clave.


Para lembrar a evolución daquel web de expertos e unidireccional a esta nova fase participativa, interactiva e ao alcance de calquera que non teña coñecementos previos desta linguaxe, abonda pouco máis dun minuto e poucas palabras:



<http://vimeo.com/3406207>

As TIC posibilitan un espazo no que explorarmos novas e múltiples prácticas discursivas. Nel difumínanse as fronteiras entre os xéneros textuais e as manifestacións artísticas clásicas. Así, podemos construír un relato que complete as claves de comprensión mediante efectos sonoros e audiovisuais, ligazóns, a xeolocalización de motivos e que incluso en si mesmo supoña unha fermosa mostra de poesía visual. Se temos en conta que se comparte na rede para o seu uso e mesmo a súa manipulación creativa e que permite o diálogo cos destinatarios, atopámonos ante un artefacto moi diferente ao texto analóxico.

Fixádevos na riqueza comunicativa coa que Pilar Ponte Patiño traballa a historia do avó e o neno da novela *Ás de bolboreta*, de Rosa Aneiros, grazas á web 2.0:



<http://www.vuvox.com/collage/detail/026143fdf1>

Esta presentación multimedia e dixital válenos ben, como texto creado especificamente para o ámbito escolar (forma parte dunha guía de lectura<sup>1</sup> pensada e elaborada coas TIC), para situármonos no papel que debemos asumir os docentes ante o reto de guiar o alumnado neste conexto, pois:

- debemos axudalo a buscar, seleccionar e manexar con sentido crítico a información **para aprender**,
- debemos guíalo na escolla, o coñecemento e o dominio das ferramentas, dos xéneros, das estratexias e da intencionalidade e a relevancia social das súas producións **para comunicarse**, e
- debemos acompañalo no desenvolvemento das habilidades cognitivo-lingüísticas a través da práctica e do coñecemento de modelos textuais da tradición cultural propia e allea **para expresarse**.

A realidade estamos reclamando que acompañemos os rapaces e rapazas a aprender a ler e escribir ao tempo que contribuímos dende a escola e dende todas as áreas á súa **alfabetización dixital**, a explorar con eles nos usos, a fomentar a súa creatividade e a traballar as actitudes que poden evitar eses comportamentos que se describiron ao principio e todos recoñecemos.

### Unha sinxela ferramenta cun potencial comunicativo extraordinario

Os procesos de ensino e aprendizaxe actuais están marcados polo seu dinamismo e o novo contexto dixital rachou os espazos e tempos tradicionais para educarse, por iso nós -como os rapaces e as rapazas- debemos experimentar.

Neste obradoiro temos que aprender -e reflexionar acerca das mudanzas que provoca a inclusión das TIC na práctica docente- practicando dentro do propio contorno da web 2.0, de aí que che propoñamos “crear unha bitácora persoal ou de

<sup>1</sup>A guía de lectura é un blog: <http://as-de-bolboreta.blogspot.com/>

aula” para dispoñer dunha ferramenta que nos acompañe até o final da actividade e, quen sabe, se máis alá...

No seguinte vídeo, explícase de modo moi ameno o que é un blog:



<http://youtu.be/hrs8MGWhDhg>

**Por que unha bitácora?** Porque se trata dun recurso de manexo sinxelo; só require unhas nocións básicas de informática (o coñecemento dun usuario de internet de perfil medio-baixo); é bidireccional ao permitir a interacción entre persoas, así como a creación compartida de contidos; e ademais é unha ferramenta moi funcional para ler e escribir, se cadra a máis ideal para publicar textos dun modo simple e dinámico.

A bitácora, tamén chamada blog ou blogue, é a imaxe máis visible das aplicacións da web 2.0, un sitio web no que os textos (“post” ou “entradas”) creados por unha ou varias persoas se ordenan cronoloxicamente. Pode ter moitas finalidades e funcionar como un diario persoal, un portal informativo ou tratar as máis variadas temáticas, xerais ou especializadas. Características comúns á maioría dos blogs son:

- hai un espazo para que as persoas lectoras deixen comentarios,
- fornece unha listaxe de ligazóns a outros blogs (“blogroll”),
- amosa un arquivo coas entradas anteriores (a través dun calendario ou dun índice anual e mensual), e
- permite a categorización ou etiquetaxe das entradas para facilitar a busca interna de contidos.

De todos os xeitos, é unha ferramenta moi flexible que ofrece un grande abano de posibilidades para escollermos deseños, distribución de espazos, a inclusión de “gadgets” (aplicacións que engaden servizos como un reloxo, unha axenda, unha canle de vídeos ou as ligazóns preferidas), etc. É dicir, ademais de ser de manexo doado e, por regra xeral, gratuíta, podemos configurala ao noso gusto, o que reforza

un nada desprezable potencial creativo, moi motivador: quen imaxinaba hai un tempo que poderíamos contar co noso sitio na rede para expresármolos e comunicarmos o que quixeramos (ou ensinar, vender, latricar...) e , aínda por riba, feito coas nosas mans?

Os blogs son bos exemplos das novas prácticas discursivas e as novas competencias que propician as TIC, xa que serven para emitir opinións, transmitir información e coñecementos, dar a coñecer creacións artísticas, etc. e porque combinan diferentes linguaxes para construír textos multimedia e dixitais. Así mesmo, os blogs de diferentes autores que abordan unha mesma temática ou teñen uns mesmos intereses crean comunidades na rede: é a chamada “blogosfera”.

O potencial comunicativo é alto pois ten unha proxección pública, posibilita intercambiar opinións e comentarios coas persoas lectoras e, aínda que potencia a lectoescritura a través do, e podemos concibilo como tal, xénero do “post” ou “entrada”, pode acoller incluso textos orais.

Quizais este perfil fortemente comunicativo explique que, aínda que nos acompañe dende hai máis dunha década e que esteamos presenciando a eclosión das redes sociais e das aplicacións de rede deseñadas para os dispositivos portátiles, siga sendo unha ferramenta de plena actualidade e en continúa evolución para ofrecer novas prestacións e posibilidades a centos de millóns de usuarios en todo o mundo.


### **O blog como ferramenta didáctica**

Como tarefa deste módulo pedimos a creación dunha bitácora porque, ademais do xa comentado en relación á lectoescritura, é unha ferramenta moi contrastada na educación. As súas características e a súa versatilidade para responder a diferentes usos -adaptables aos diferentes niveis educativos e áreas de coñecemento- fannos moi habituais nos centros escolares. Son os “blogs educativos” ou “edublogs”. Quen non coñece un? Seguramente moitos de vós xa xestionan un -ou varios- nas súas aulas, ou en todo caso consultades bitacorras da vosa especialidade para nutrirvos de experiencias, recursos, propostas de actividades ou novas de actualidade.

Podemos clasificar os blogs empregados na educación? Aínda a risco de caer nunha teima clasificatoria, o certo é que un mapa conceptual como o que aquí traemos, de Juan José de Haro<sup>2</sup>, pode axudar a ilustrar as súas finalidades que se lle poden dar a unha bitacora por parte dun docente.

---

2 Este docente mantén un blog de referencia no ámbito educativo sobre ensino e TIC: <http://jjdeharo.blogspot.com/>



<http://jjdeharo.blogspot.com/2007/08/tipos-de-edublog.html>

Cómpre que busques modelos, que vexades como fan os outros, e a rede está inzada de blogs educativos: co enorme repositorio de blogs que se presentan aos Premios Espiral de Edublogs<sup>3</sup> todos os anos; visitade e explora o Planeta de “Prof@s Galegos”<sup>4</sup>; sorprendédevos coa enerxía, a creatividade e o dinamismo das bitácoras das Bibliotecas Escolares Galegas<sup>5</sup>; ou probade coa escolma elaborada en Educacontic<sup>6</sup>

Se aínda non contades cun edublog será porque non o precisastes ata o momento, mais se respondes afirmativamente a preguntas como *Quero compartir o meu traballo e proxectalo aí fóra??, Preciso botar man das TIC como recurso para as aulas aínda que sexa puntualmente?, Vexo que o manexo das TIC motiva o alumnado? Quero axudar os rapaces e raapzas a que fagan un bo uso da tecnoloxía?*, etc., un blog pode ser un campo de probas ideal para adestrarte nas novas tecnoloxías.

3 Premios Espiral de Edublogs. En <http://www.espiraledublogs.org/2011/>

4 Prof@s Galegos en Planetaki: <http://www.planetaki.com/profsgalegos>

5 Bitácoras de centros de primaria en <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=category/12/39> e de centros de secundaria en <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=category/12/40>

6 “Blogs de aula”, de Juanma Díaz. En <http://www.educacontic.es/blog/blogs-de-aula-11112010>

Han saír máis preguntas: por que?, sobre que?, como?, cando?... integro as TIC para ler e escribir na era dixital. Na cerna mesma do cuestionamento dos paradigmas están as mudanzas e a evolución pois, como dicía Lewis Carrol en *Alicia no país das maravillas*, “Nun mundo en constante movemento, o que fica no mesmo lugar recúa”. Imos aló?



Recoñecemento - NonComercial - Compartir igual (by-nc-sa):

Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin das posibles obras derivadas, a distribución das cales debe facerse cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.